



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2019/8  
Sesión Plenaria  
venres 24 de maio de 2019

**ACTA Nº 2019/8**  
**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN**  
**- CASA DO CONCELLO, VENRES 24 DE MAIO DE 2019 -**

No día de hoxe, ás 13:35 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**

Manuel Fernández Munín

**ASISTEN:**

María del Carmen Botana Cebeiro  
Antonio González Barral  
Alejandro Bermúdez Devesa  
Ana María Seijo Mosquera  
Jesús José Santasmarinas Devesa  
Jesús Sanjuás Mera  
Iván Eirís Castro  
Carmen Soutullo Carolo  
Xabier Canabal Fernández

**AUSENCIAS:**

Ana Isabel Alonso Taboada

**SECRETARIA-INTERVENTORA:**

Eva María Casal Sanjurjo

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

**ORDE DO DÍA**

1. Aprobación da Acta Anterior

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2019/8  
Sesión Plenaria  
venres 24 de maio de 2019

2. Adhesión á iniciativa europea do pacto dos alcaldes para o clima e enerxía
3. Nomeamento de Anxo Adolfo Rei Ballesteros como fillo predilecto de Boqueixón a título póstumo
4. Recoñecemento extraxudicial de facturas
5. Información da alcaldía
6. Rogos e preguntas

## **DELIBERACIÓNS**

**As deliberacións correspondentes ós puntos tratados neste Pleno atópanse recollidos no arquivo da acta multimedia gravada e que consta no correspondente expediente electrónico da sesión e publicada na web municipal e dispoñible na seguinte URL, xunto coa acta en formato pdf:**

<https://www.boqueixon.com/2019/05/27/sesion-do-pleno-da-corporacion-municipal-do-24-de-maio-do-2019/>

## **ACORDOS**

### **PROPOSTAS ORDINARIAS**

#### **1. Aprobación da Acta anterior**

Por unanimidade dos presentes acórdase aprobar a acta da sesión do Pleno Extraordinario realizado o día 29 de abril de 2019.

#### **2. Adhesión á iniciativa europea do pacto dos alcaldes para o clima e enerxía**

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2019/8  
Sesión Plenaria  
venres 24 de maio de 2019

Dáse lectura polo Sr Alcalde á proposta de adhesión ao pacto de alcaldes:

A Comisión Europea puxo en marcha en 2008 o Pacto dos Alcaldes (Covenant of Mayors), unha iniciativa aberta a todas as cidades e municipios en Europa co obxectivo de involucrar ás autoridades locais e aos cidadáns no desenvolvemento e a aplicación da política enerxética da Unión Europea. O Pacto consiste no compromiso das cidades asinantes de ir máis alá dos obxectivos adoptados para o ano 2020 pola UE para reducir as emisións de CO2 a través de medidas de eficiencia enerxética, de accións relacionadas coa promoción das enerxías renovables e da mobilidade urbana sostible. A adhesión a esta iniciativa, supoñía acollerse ao denominado obxectivo 20/20/20, cuxa meta era aumentar a eficiencia enerxética un 20%, aumentar o uso de enerxía procedente de fontes renovables outro 20% e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) un 20% para o ano 2020.

A partir do éxito do Pacto dos Alcaldes, en 2014 lanzouse a iniciativa Mayors' Adapt, baseada no mesmo modelo de xestión pública, mediante a que se invitaba ás cidades a asumir compromisos políticos e tomar medidas para anticiparse aos efectos inevitables do cambio climático.

O 15 de outubro de 2015, a Comisión Europea lanzou o Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía (Covenant of Mayors for Climate & Energy), fusionando as iniciativas anteriores. Esta nova ferramenta pretende reunir aos alcaldes das cidades europeas nunha rede permanente de intercambio de información para a aplicación de boas prácticas: mellorar a eficiencia enerxética no ámbito urbano, conseguir unha redución das emisións de CO2 no ámbito territorial local e aumentar a resiliencia fronte ao cambio climático.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2019/8  
Sesión Plenaria  
venres 24 de maio de 2019

Para alcanzar estes obxectivos, os municipios adheridos ao Pacto comprométense a redactar un Plan de Acción para a Enerxía Sostible e o Clima (PACES), nun prazo máximo de dous anos dende a data de adhesión. O PACES inclúe:

- 1) Un inventario de referencia de emisións (IRE) para facer o seguimento da súa efectividade das accións de mitigación;
- 2) Unha avaliación de riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático;

Ademais, cada dous anos deberase presentar un informe de seguimento do PACES.

O Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía consiste no compromiso dos concellos signatarios de facer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 e reducir as emisións de CO2 no seu territorio en, polo menos, o 40% a través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, traballando á súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte a este, así como un aumento da cooperación coas autoridades locais e rexionais similares na UE e fóra dela para mellorar o acceso á enerxía segura, sostible e alcanzable.

Sectores como os municipais, residenciais e terciarios e o transporte considéranse sectores clave para a mitigación. As autoridades locais deberán concentrar os seus esforzos en reducir a demanda de enerxía nos seus territorios e adaptar a demanda enerxética á oferta promovendo a utilización de recursos enerxéticos locais.

A Xunta de Galicia, consciente de que o Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía e o mellor instrumento para implicar aos concellos de Galicia na loita contra o cambio climático, decidiu participar nesta iniciativa como coordinador do pacto na Comunidade Autónoma de

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2019/8  
Sesión Plenaria  
venres 24 de maio de 2019

Galicia, co obxectivo de promover e apoiar aos concellos de Galicia na súa adhesión ao pacto e conseguir que no ano 2020 haxa, a lo menos, 100 concellos galegos adheridos ao Pacto, e estean todos os concellos de mais de 20.000 habitantes.

Coñecedor da importancia das accións locais na mitigación do cambio climático como Alcalde do Concello de Boqueixón recoñezo que o noso compromiso esixe:

1. Un liderado político forte:

Definir obxectos ambiciosos a longo prazo, máis alá dos mandatos políticos.

Unha interacción coordinada entre a mitigación e a adaptación a través da mobilización de todas as áreas municipais implicadas;

2. Un enfoque territorial integral e intersectorial.

3. A asignación dos recursos humanos, técnicos e financeiros axeitados:

O compromiso de todas as partes implicadas nos nosos territorios.

O empoderamento dos cidadáns como consumidores proactivos “prosumers” e participantes nun sistema enerxético responsable e sensible á demanda.

4. Accións inmediatas, medidas flexibles e efectivas para agora e para o futuro, “non regresivas”.

5. A implantación de solucións intelixentes para facer fronte aos retos sociais e técnicos da transición enerxética.

6. Revisar periodicamente ns nosas accións conforme aos controis e as avaliacións dos resultados.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2019/8  
Sesión Plenaria  
venres 24 de maio de 2019

Por todo iso, este Concello quere sumarse ao PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA e apoiar esta iniciativa, necesaria para conseguir a sustentabilidade enerxética e a adaptación ao cambio climático do noso Concello. E para que conste, eu D. Manuel Fernández Munín alcalde desta Corporación, comprométome a:

1. Reducir as emisións de CO2 no noso territorio en ao menos un 40 por cento ata 2030 mediante o aumento da eficiencia enerxética e un maior uso de fontes de enerxía renovables.
2. Traballar na promoción de medidas para a adaptación ao cambio climático mediante a creación de plans de acción en favor da enerxía sustentable e o aumento da resiliencia fronte ao cambio climático.
3. Elaborar un Inventario de Emisións de Referencia e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades derivados do Cambio Climático, como base para o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) no que se resuman as accións clave que planean levar a cabo.
4. Presentar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable no prazo de 2 anos a partir da sinatura oficial do Pacto dos Alcaldes para a supervisión e verificación do proceso.
5. Desenvolvido o Plan de Acción, elaborar un informe bianual para a avaliación, control e verificación dos obxectivos, informando dos fitos acadados en cumprimento do Plan.
6. Compartir a nosa visión, resultados, experiencia e coñecemento con outras autoridades locais e rexionais da Unión Europea.
7. Adaptar as estruturas do Concello incluíndo a asignación de suficientes recursos humanos para o desenvolvemento das accións necesarias.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2019/8  
Sesión Plenaria  
venres 24 de maio de 2019

8. Mobilizar á sociedade civil no noso ámbito para que participe no desenvolvemento do Plan de Acción.

9. Comunicar os presentes acordos á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para facer posible as tarefas de apoio e coordinación.

Procédese coa votación e, por unanimidade, cos votos a favor do Grupo Municipal Veciñ@s (3) e do Partido Popular (6), o Pleno da Corporación, ACORDA:

- 1.-A adhesión do Concello de Boqueixón ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea.
- 2.-Facultar ao Alcalde de Boqueixón a representar ao concello na sinatura do Pacto de Alcaldes e en calquera outras actuacións que requira a súa execución.

A continuación entra no Salón de Plenos o concelleiro Sr. Jesús J. Santasmarinas.

### **3. Nomeamento de Anxo Adolfo Rei Ballesteros como fillo predilecto de Boqueixón a título póstumo**

Dáse lectura polo Sr Alcalde á proposta de Alcaldía:

Ao amparo do Regulamento de Condecoracións, Honras e Distincións do concello de Boqueixón, consideramos merecedor de recoñecemento público a don Anxo Adolfo Rei Ballesteros como Fillo Predilecto a título póstumo como unha forma de premiar un perfil humano que reúne un talento extraordinario cunha humildade fóra do común.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2019/8  
Sesión Plenaria  
venres 24 de maio de 2019

O recoñecemento por parte do seu concello de orixe está sustentado no seu indubidable compromiso coa nosa xente, coa nosa Lingua e coas liberdades democráticas.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nado en Codeso, Boqueixón o 24 de xaneiro de 1952 e finado na Coruña o 29 de outubro de 2008, ANXO ADOLFO REI BALLESTEROS era licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela pero sobre todo foi un artista da palabra. Considérase un dos fitos de referencia da nova xeración de narradores que comeza a expresarse a partir de 1975 e 1980, no novo tempo de creación, expresión e pensamento que se inaugura coas liberdades democráticas.

A súa traxectoria literaria comeza nos anos mozos colaborando coa revista efémera Bonaval. A súa primeira novela a publicou cando tan so tiña 25 anos Dos anos e dos mortos (1977), constituíndo segundo afirma o seu amigo o escritor Basilio Lourenço “unha novela rupturista, xeracional” que “marcou o nacemento da novela galega postfranquista” Habería que esperar ata 1992 para que vira a luz a súa segunda novela Loira en palabras do crítico Xoán González Millán “un dos proxectos novelísticos máis complexos e ambiciosos da historia da narrativa galega”. A súa obra de ficción completouna con Non sei cando nos veremos (2005) novela “que reflicte á perfección a súa maneira de entender a vida: unha maneira radical no sentido de ir á raíz, de non asustarse ante nada”. En novembro de 2009 aparece unha obra póstuma, a novela A noite do moucho, publicada por Galaxia e unha obra póstuma A noite do moucho. Máis tarde apareceu entre os papeis do autor a que debe ser a súa primeira obra en galego, a novela Dezanove badaladas, publicada tamén por Galaxia no outono de 2018 Ambientada na Galicia dos anos 1970, conta os

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)





Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2019/8  
Sesión Plenaria  
venres 24 de maio de 2019

cambios nunha sociedade na que o urbano vai gañando terreo ao rural.

A súa produción literaria abarcou diferentes xéneros destacando dúas pezas teatrais Xogos de damas e unha versión inédita de A voz humana de Cocteau; os seis relatos de A sombra dos teus sonhos (1988) e varios ensaios, entre eles Tempo e vinganza, e a tradución do Molloy de Beckett (2006) sendo recoñecida por prestixiosos galardóns, desde o Pedrón de Ouro, o premio Losada Diéguez ou o Ramón Piñeiro de ensaio.

O profesor Xosé M. Salgado dixo que Rei Ballesteros lle recordaba a “eses traballadores perfeccionistas que non se apuran en dar os seus textos para a publicación”, de aí a súa produción limitada en cantidade, “pero a historia da literatura non pode xulgar pola cantidade” destaca para concluír que a obra que deixa é “moi valiosa”.

O seu amigo e escritor Suso de Toro salienta que Ballesteros era consciente do valor “do seu traballo e o seu talento. De ambos abusaba, porque os despregaba todos os días: fose nunha taberna ou nunha conversa. Os textos que deixou son só unha parte dunha obra artística que se chama Anxo Rei Ballesteros. Os seus escritos son só unha parte e, realmente, saíronlle espléndidos”.

No art. 7 do Regulamento de condecoracións, honras e distincións do Concello de Boqueixón, recóllese que a concesión de título de fillo predilecto e fillo adoptivo de Boqueixón haberá de acordarse, logo de expediente acreditativo dos seus merecementos, a proposta do alcalde polo Pleno e co voto favorable da maioría absoluta dos membros da corporación municipal.

No mesmo regulamento, no art. 8 dise que unha vez aprobada a concesión do título , a corporación acordará a data na que se realizará

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2019/8  
Sesión Plenaria  
venres 24 de maio de 2019

unha nova sesión plenaria para proceder á entrega, nun acto solemne, no salón de sesións da casa consistorial.

Procédese coa votación e, por unanimidade, cos votos a favor do Grupo Municipal Veciñ@s (3) e do Partido Popular (7), o Pleno da Corporación, ACORDA:

- 1.- Nomear fillo predilecto do Concello de Boqueixón, a título póstumo, a D.Anxo Adolfo Rei Ballesteros.
- 2.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia.

#### **4. Recoñecemento extraxudicial de facturas**

Vistos os documentos contidos no expediente de recoñecemento extraxudicial das obrigas económicas derivadas de gastos devengados en exercicios anteriores cuxa imputación orzamentaria non foi posible e correspondentes a obras, servizos e subministracións efectivamente prestadas ou realizadas tal como se pon de manifesto no informe desta alcaldía emitido en data 20 de maio de 2019.

Visto o informe de Intervención de data 20 de maio de 2019, que consta no expediente.

Considerando que na súa tramitación cúmprense os requisitos que sinala a lexislación vixente nesta materia, -art. 60 do Real Decreto 500/1990, do 20 de Abril-,

Procédese coa votación e, por maioría, cos votos en contra do Grupo Municipal Veciñ@s (3) e cos votos a favor do Partido Popular (7), o Pleno da Corporación, ACORDA:

- 1.- Levantar o reparo formulado pola Intervención municipal, en atención á doutrina da xurisprudencia relativa ao

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2019/8  
Sesión Plenaria  
venres 24 de maio de 2019

enriquecemento inxusto, dado que todo o gasto se atopa efectivamente realizado.

2.- Proceder ao recoñecemento extraxudicial das facturas e outros documentos acreditativos de gastos realizados que se indican no anexo desta proposta por un importe de total de 9.350,4 euros.

3.- Que a aprobación deste gasto dea lugar ás anotacións contables e orzamentarias que legalmente procedan, facultando ao Sr. Alcalde para a sinatura dos correspondentes documentos contables.

#### ANEXO I. RELACIÓN DE FACTURAS PARA RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL SIN CONSIGNACIÓN PRESUPOSTARIA

Nº de Entrada	Data Entrada	Nº de Fra.	Data Fra.	Núm. Ident if.	Nome ou razón social	Concepto	Aplicación	Importe
2019011717094	07/02/2019	FE19321286396519	04/02/2019		NATURGY IBERIA, SA	ALUMEADO PUBLICO	165.22100	659,51
2019012449354	25/02/2019	FE19321286628624	07/01/2019		NATURGY IBERIA, SA	ALUMEADO PUBLICO	165.22100	684,36
2019012449284	25/02/2019	FE19321286628623	07/01/2019		NATURGY IBERIA, SA	ALUMEADO PUBLICO	165.22100	699,05
2019012449330	25/02/2019	FE19321286628620	07/01/2019		NATURGY IBERIA, SA	ALUMEADO PUBLICO	165.22100	407,48
<b>Total</b>								<b>2.450,40</b>

#### ANEXO II. RELACIÓN DE FACTURAS PARA RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL PRESENTADAS NESTE ANO

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2019/8  
Sesión Plenaria  
venres 24 de maio de 2019

Nº de Entrada	Data Entrada	Nº de Fra.	Data Fra.	Núm. Identif.	Nome ou razón social	Concepto	Aplicación	Importe
201901393921 5	27/3/2019	28 3341	01/10/2018		Ulla Oil, SL	Gasóleo A	135.22103	3.540,00
201901393929 1	27/03/2019	28 3880	26/11/2018		Ulla Oil, SL	Gasóleo A	135.22103	3.360,00
<b>Total</b>								<b>6.900,00</b>

## 5. Información da alcaldía

Dáse conta das Resolucións de Alcaldía dende o 9 de marzo de 2019 ata o 16 de maio de 2019.

Nº Decreto	Fecha Inicio	DECRETO
2019/G003/0000 55	11/03/2019	Declaración loito oficial
2019/G003/0000 56	12/03/2019	Desconvocatoria Pleno ordinario 13 de marzo e nova convocatoria
2019/G003/0000 57	13/03/2019	Solicitud de espectáculos Rede Cultural 2019-Diputación
2019/G003/0000 58	14/03/2019	Nomeamento secretaria - interventora accidental do Concello de Boqueixón
2019/G003/0000 59	14/03/2019	Prórroga contratos técnicas do Centro de Información á Muller
2019/G003/0000 60	15/03/2019	Clasificación ofertas e xustificación temeraria obra Sinalización Horizontal
2019/G003/0000 61	18/03/2019	Nomeamento secretaria e vogal tribunal bolsa emprego educadores/as infantís
2019/G003/0000 62	21/03/2019	Finalización dos contratos dos traballadores forestais APROL 2018
2019/G003/0000 63	25/03/2019	Subv. creación de posto de traballo persoal técnico no servizo cultura 2019
2019/G003/0000 64	26/03/2019	Inicio expediente multa de tráfico
2019/G003/0000 65	27/03/2019	Pagamento excursión 30 de marzo
2019/G003/0000 66	28/03/2019	Corrección Decreto 2019/G003/000065 Pagamento excursión 30 de marzo
2019/G003/0000	28/03/2019	Aprobación liquidación orzamento 2018

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2019/8  
Sesión Plenaria  
venres 24 de maio de 2019

67		
2019/G003/0000 68	29/03/2019	Adxudicación obra Sinalización Horizontal
2019/G003/0000 69	01/04/2019	Aumento de plazas pago excursión 30 marzo
2019/G003/0000 70	01/04/2019	Xeración de crédito 3/2019
2019/G003/0000 71	04/04/2019	Aceptación subvención Programa de Integración Laboral ano 2019
2019/G003/0000 72	09/04/2019	Solicitud equipamento emerxencias
2019/G003/0000 73	10/04/2019	Xustificación Programa de Apoio ao Centro de Información á Muller 2018
2019/G003/0000 74	12/04/2019	Bases contratac. peóns obras públicas Programa Integración Laboral Deput. 2019
2019/G003/0000 75	15/04/2019	Adxudicación do contrato de subministro dun camión do lixo
2019/G003/0000 76	15/04/2019	Arquivo expediente multa de tráfico Dona Susana Núñez González
2019/G003/0000 77	16/04/2019	Autorización gastos ITV
2019/G003/0000 78	16/04/2019	Solicitud de subvención para promoción da XXXVI Festa da Filloa de Lestedo.
2019/G003/0000 79	16/04/2019	Clasificación das ofertas presentadas na obra Camiño de Ledesma a Codeso
2019/G003/0000 80	22/04/2019	Autorización tirada de fogos de artificio en Lamas
2019/G003/0000 84	24/04/2019	Autorización Comisión de Servicios puesto Secretaría-Intervención
2019/G003/0000 83	24/04/2019	Adxudicación do contrato de subministro do xantar Encontro maiores ano 2019
2019/G003/0000 86	24/04/2019	Retribucións ao persoal por vacacións non disfrutadas
2019/G003/0000 87	26/04/2019	Adxudicación contrato servizo prevención de riscos laborais e medicina no traballo
2019/G003/0000 90	29/04/2019	Pagamento produtividade servizos secretaria - interventora accidental
2019/G003/0000 88	29/04/2019	Xeración de créditos 4/2019
2019/G003/0000 89	29/04/2019	Subvención April rural 2019. Aceptación, prórroga e bases para a contratación
2019/G003/0000 92	30/04/2019	Modificación convenio aprobado entrega vales a padriños/madriñas xardineiras
2019/G003/0000 91	30/04/2019	Corrección código ocupación oferta traballadores forestais April Rural 2019
2019/G003/0000 94	02/05/2019	Convocatoria comisión baremación para valoración solicitudes da guardería
2019/G003/0000	02/05/2019	Adxudicación contrato subministro de equipamento para o

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2019/8  
Sesión Plenaria  
venres 24 de maio de 2019

93		ximnasio municipal
2019/G003/0000 95	07/05/2019	Adxudicación Obra Camiño Ledesma a Codeso
2019/G003/0000 97	09/05/2019	Nomeamento comisión seleccionadora e datas selección PIL - Deputación 2019
2019/G003/0000 98	09/05/2019	Puntuación e sorteo público bolsa educadores infantís EIM Raíña Lupa
2019/G003/0000 96	09/05/2019	Datas e nomeamento comisión selecc. 2 traballadores forestais- Aprot Rural 2019
2019/G003/0000 99	15/05/2019	Nomeamento comisión selecc. e data exame Técnico Información Turística
2019/G003/0001 00	16/05/2019	Pagamento Taxa Xeral de Operadores

## Rogos e Preguntas

Non hai

Ás 13:58 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria-interventora, dou fe.

Boqueixón, luns 27 de maio de 2019

A secretaria-interventora, Eva María Casal Sanjurjo

O alcalde en funcións, Manuel Fernández Munín

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)